

O Galiñeiro

O blog de teatro de Praza Pública
Sobre o blog

Os dous últimos premios do teatro galego



Nos últimos días asistimos á entrega de dous premios importantes para o teatro galego. Por unha banda, Max ao mellor texto en lingua galega para Avelino González, María Ordóñez, Sechu Sende e Artur Trillo por *Pelos na lingua* (que competía xunto con Santiago Cortegoso,

por *0'7% Molotov* e Roberto Salgueiro por *Memoria de Helena e María*); pola outra, o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega foille outorgado a Raúl Dans por *Chegamos despois a unha terra gris* (que neste caso disputaba o recoñecemento con *A función do Tequila* de Manuel Guede e mais co texto de Inácio Vilariño, *Fábula Galénica*).

Pelos na lingua, cuxo texto xa levara a xerra dos María Casares, é a segunda parte de *Bicos con lingua*, unhas das producións galegas que máis representacións acadaron nos últimos tempos. O proxecto é o mesmo: Talía encárgalle a unha serie de autoras que reflexionen sobre o tema da normalización lingüística por medio dunha escena dramática. Despois, a compañía escolle de entre todas as achegas aquelas que máis lle convencen, ou as que poden ser máis aptas para elas teatralizaren. A estética do espectáculo e tamén moi semellante. Cuns poucos elementos polifacéticos (mesa, cadeiras, paneis) que van compoñendo os diferentes espazos, Trillo, Casais e Ordóñez van metendo a diferentes personaxes-tipo en situacións que ofrecen unha mirada diferente respecto aos tópicos que aínda coutan a normalización da lingua galega. O espectáculo, coma o anterior, mantén en todo momento unha grande frescura e comicidade non exenta de retranca grazas a unha dirección na Avelino González optou pola axilidade e ás notables interpretacións do elenco, aos que sen dúbida lles axuda ese

tan bo galego oral que posúen e que tan pouco abunda nas nosas táboas.



Cons estes dous espectáculos, Talía reafírmase como unha compoñía comprometida. Comprometida coa lingua galega e a súa defensa, e comprometida, asemade, co importante labor que o teatro ten feito historicamente a favor da normalización da lingua galega. O Premio Max contradí así todo un clima de oposición á expansión dos usos do galego, e serve de argumento en contra dos que se fan chamar vítimas da normalización (Galicia Bilingüe e simpatizantes varios). Non é este o lugar para nos enleir en debates deste tipo, mais si a tribuna desde a que declararmos que o Max de Talía demostra, unha vez máis, que a arte, que o teatro, tamén pode (e debe) ter unha dimensión política.

De por banda, o premio da AELG ao mellor texto dramático a *Chegamos despois a unha terra gris*, texto de Dans vencedor do Cunqueiro no 2010, confirma a un dramaturgo experimentado nas estruturas clásicas do estilo realista, que paseniño vai afondando no seu proxecto dramático de poetización austera dos conflitos do cotiá contemporáneo. Despois daquela escapada evasiva que foi *Nachtmar*, se cadra o texto máis autobiográfico e libre do autor, con este novo drama Dans convértese nun



referente do teatro das persoas. A súa experiencia como guionista televisivo foi modelando unha escrita capaz de crear personaxes cada vez máis verídicos. En *Chegamos despois a unha terra gris*, onde a familia se presenta como campo de batalla, onde a mentira e as

dependencias se elevan a grandes temáticas, chama a atención a veracidade dos conflitos, a carnalidade dos diálogos e a proximidade das palabras ditas polos personaxes teatrais con aquelas outras que as persoas nos dicimos no mundo real. De fondo, unha trama totalmente humana engádelle á obra unha forza emotiva digna só dalgúns poucos escollidos. Un Dans que se supera a si mesmo e que inicia unha etapa de madurez creativa na que (agardamos que así aconteza) aínda pode estar por chegar o mellor da súa obra.

Roi V. Ponte

[Ir a praza.com](#)

[Arquivo](#)

[RSS](#)

[Buscar](#)